



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 39

V lexislatura

20 de febreiro de 1998

SUMARIO

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1. PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.1. PROPOSICIÓNS

- Proposición non de lei en Pleno, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Olaia Fernández Davila, D. Xosé Díaz Díaz e D. Xesús Vega Buxán, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a transferencia da titularidade dos terreos ociosos de Hijos de J. Barreras á Comunidade Autónoma, a administración deles e a asunción da defensa da empresa (núm. 1.321). 1.073
- Proposición non de lei en Pleno, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xesús Vega Buxán, sobre a petición do Goberno galego ó Goberno central para a modificación do apartado 4 do artigo 143 do Código penal (núm. 1.340). 1.074
- Proposición non de lei en Pleno, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciati-

va de D. Xavier Casares Mouriño e D.^a Isabel Salazar Bello, sobre a asistencia ós enfermos moribundos nos centros hospitalarios do Servicio Galego de Saúde (núm. 1.342). 1.075

3.6.2. PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

3.6.2.1. PROPOSICIÓNS

- Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a adopción de medidas para solucionar as deficiencias existentes na recepción do sinal de televisión no concello de Vilardevós (núm. 1.346. Comisión 1.^a). 1.077
- Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. Mixto, por iniciativa de D. Xosé Manuel Pazos Varela, sobre as melloras na estrada C-550 no termo municipal do Grove (núm. 1.333. Comisión 2.^a). 1.077
- Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a realización das obras de acondicionamento e mello-

SUMARIO

ra das vías de comunicación do concello de Vilardevós (núm. 1.345. Comisión 2.^a). 1.078

—Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Manuel Veiga Pombo, sobre o rexeitamento da recualificación dos terreos das ribeiras dos ríos Miño, Loña e Barbaña na cidade de Ourense, actualmente cualificadas de zonas verdes (núm. 1.351. Comisión 2.^a). 1.079

—Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. Mixto, por iniciativa de D. Xosé Manuel Pazos Varela, sobre as escavacións arqueolóxicas en Adro Vello-O Grove (núm. 1.334. Comisión 4.^a). 1.079

—Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para o mantemento da empresa conserveira La Onza de Oro e dos seus postos de traballo (núm. 1.347. Comisión 5.^a). 1.080

—Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Emilio López Pérez e D. Bautista Álvarez Domínguez, sobre a posición do Sr. presidente da Xunta de Galicia respecto da creación dun programa de apoio ó castiñeiro (núm. 1.327. Comisión 7.^a). 1.081

—Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. Mixto, por iniciativa de D. Xosé Manuel Pazos Varela, sobre a leira da Saleta-Meis (núm. 1.335. Comisión 7.^a). 1.082

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

—Solicitud de comparecencia, formulada polos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e Mixto, do Sr. conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, para informar sobre as causas que motivaron o cesamento da directora do Centro Galego de Arte Contemporánea (núm. 1.330. Comisión 4.^a). 1.082

—Solicitud de comparecencia, por iniciativa D.^a María Pilar García Negro e e tres deputados máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, do Sr. conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, para informar sobre as razóns

que deron lugar á recente destitución da directora artística do Centro Galego de Arte Contemporánea; da política da Xunta de Galicia no sector das artes plásticas, en xeral, e da xestión e do funcionamento do Centro Galego de Arte Contemporánea, en particular; das previsións —continuistas ou non— de dirección, funcionalidade e difusión do labor desenvolvido polo Centro Galego de Arte Contemporánea, e dos recursos financeiros e humanos destinados a tal fin (núm. 1.341. Comisión 4.^a). 1.083

4.2. INTERPELACIONES

—Interpelación, formulada por D. Abel Caballero Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o resultado para Galicia de acepta-la cesión do 30% do imposto sobre a renda das persoas físicas á vista da evolución da recadación no ano 1997 e o criterio do Goberno galego respecto da solicitude de cesión do imposto sobre o valor engadido minorista e dos impostos especiais de hidrocarburos, tabaco e medios de transporte (núm. 1.302). 1.084

—Interpelación, formulada por D. Abel Caballero Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego respecto do proceso de fusión das caixas de aforros galegas (núm. 1.303). 1.085

—Interpelación, formulada por D. Emilio López Pérez e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto das consecuencias para a agricultura de Galicia da aplicación da chamada Axenda 2000 (núm. 1.315). 1.085

4.3. PREGUNTAS

4.3.1. PREGUNTAS ORAIS EN PLENO

—Pregunta oral en Pleno, formulada por D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual de desenvolvemento na que se atopa o Plan Sogama (núm. 1.343). 1.086

—Pregunta oral en Pleno, formulada por D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para o mantemento da empresa conserveira La Onza de Oro e dos seus postos de traballo (núm. 1.348). 1.087

SUMARIO

4.3.2. PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN

- Pregunta con resposta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o procedemento de selección dos xerentes das fundacións para o desenvolvemento comarcal (núm. 1.325. Comisión 1.^ª). 1.089
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns das modificacións dos estatutos das fundacións para o desenvolvemento comarcal, as diverxencias xurdidas e as súas causas (núm. 1.326. Comisión 1.^ª). 1.090
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación na que se atopa o PAU de Navia para a construción de vivendas de promoción pública na cidade de Vigo e as previsións do Goberno galego respecto da súa execución (núm. 1.306. Comisión 2.^ª). 1.090
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez e D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o pagamento das axudas para vivendas de protección oficial de promoción privada (núm. 1.328. Comisión 2.^ª). 1.091
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Javier Losada de Azpiazu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos do Goberno galego respecto do perigo das incineradoras de residuos sólidos urbanos para o medio ambiente da zona onde se atopan (núm. 1.331. Comisión 2.^ª). 1.091
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Manuel Veiga Pombo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da aprobación das normas subsidiarias do Concello de Barbadás e as medidas previstas polo Goberno galego ó respecto (núm. 1.352. Comisión 2.^ª). 1.092
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Olaia Fernández Davila e D.^a María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental do expediente relativo á solicitude de declaración de ben de interese cultural ó conxunto abacial de Barciademera, no concello de Covelo, e as previsións respecto da súa rehabilitación e conservación (núm. 1.322. Comisión 4.^ª). 1.092
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Olaia Fernández Davila e D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as condicións esixidas para o acceso a unha praza no Centro de Alto Rendemento de Pontevedra e os criterios seguidos para a aprobación ou desestimación das solicitudes (núm. 1.323. Comisión 4.^ª). 1.093
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o futuro centro de ESO de Cotobade (núm. 1.329. Comisión 4.^ª). 1.094
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación na que se atopa o proxecto de instalación dunha planta de regasificación en Ferrol (núm. 1.314. Comisión 6.^ª). 1.094
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto das explotacións mineiras a ceo aberto no medio ambiente, o cumprimento da normativa vixente, o control levado a cabo e as medidas ó respecto (núm. 1.344. Comisión 6.^ª). 1.095
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a non renovación da orde que concede as axudas para a mellora das explotacións agrarias cofinanciadas pola Unión Europea e a Administración central ó abeiro do Decreto 204/1996 (núm. 1.316. Comisión 7.^ª). 1.095
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a legalidade das comunicacións da supertaxa remitidas ós primeiros compradores de leite de vaca en Galicia (núm. 1.317. Comisión 7.^ª). 1.096
- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a desorde e os negocios ilícitos que presuntamente derivan da

SUMARIO

compravenda de cota do leite (núm. 1.318. Comisión 7.^a). 1.097

- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a negativa reiterada da Xunta de Galicia a promover unha asociación interprofesional leiteira e a desfeita da Mesa do Leite (núm. 1.319. Comisión 7.^a).

1.098

- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto nas flotas da aplicación do decreto no que se establece o descanso semanal obrigatorio para os pescadores que faenan nas augas galegas ou con base nalgún porto de Galicia e as medidas adoptadas ou previstas para paliar-las seus efectos (núm. 1.301. Comisión 8.^a).

1.099

4.3.3. PREGUNTAS POR ESCRITO

- Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ó investimento dos fondos das transferencias de capital levadas a cabo no ano 1997 pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo con destino ó Plan de renovación comercial (núm. 1.305).

1.101

- Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o destino dos fondos da partida orzamentaria correspondente ó ano 1997 para fomento de actividades industriais (núm. 1.307).

1.101

- Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á concesión de subvencións en materia de medio ambiente industrial no ano 1997 (núm. 1.308).

1.101

- Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ó destino dos fondos da consignación orza-

mentaria correspondente ó ano 1997 da Secretaría Xeral para o Turismo para valoración de recursos materiais en rutas de interese temático (núm. 1.309).

1.102

- Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ó investimento dos fondos das transferencias correntes e de capital á Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia no ano 1997 (núm. 1.310).

1.102

- Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ós investimentos realizados polo Goberno galego no tratamento das augas (núm. 1.311).

1.102

- Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ós investimentos realizados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (núm. 1.312).

1.103

- Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ás transferencias de capital do orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo (núm. 1.313).

1.103

- Pregunta por escrito, formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a constitución dos consellos comarcais (núm. 1.324).

1.103

- Pregunta por escrito, formulada por D. Xosé Manuel Pazos Varela, do G.P. Mixto, sobre as razóns da ampliación a catro carrís da estrada C-550 no istmo do Vao-O Grove (núm. 1.336).

1.104

- Pregunta por escrito, formulada por D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o incremento de prazas nas residencias da terceira idade da cidade da Coruña (núm. 1.339).

1.104

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1. PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.1. PROPOSICIÓNS

Proposicións non de lei en Pleno formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 10 de febreiro de 1998, admitiu a trámite e cualificou como proposicións non de lei, acordando a súa tramitación no Pleno, os escritos que a seguir se relacionan:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Olaia Fernández Davila, D. Xosé Díaz Díaz e D. Xesús Vega Buxán, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a transferencia da titularidade dos terreos ociosos de Hijos de J. Barreras á Comunidade Autónoma, a administración deles e a asunción da defensa da empresa (núm. 1.321).

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xesús Vega Buxán, sobre a petición do Goberno galego ó Goberno central para a modificación do apartado 4 do artigo 143 do Código penal (núm. 1.340).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xavier Casares Mouriño e D.^a Isabel Salazar Bello, sobre a asistencia ós enfermos moribundos nos centros hospitalarios do Servicio Galego de Saúde (núm. 1.342).

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que se vaian debater, de conformidade co artigo 161.2 do Regulamento da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 1998

Celso Delgado Arce
Vicepresidente 1.^º

Proposición non de lei en Pleno, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa

de D.^a María Olaia Fernández Davila, D. Xosé Díaz Díaz e D. Xesús Vega Buxán, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a transferencia da titularidade dos terreos ociosos de Hijos de J. Barreras á Comunidade Autónoma, a administración deles e a asunción da defensa da empresa (núm. 1.321).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada María Olaia Fernández Davila e dos seus deputados Xosé Díaz Díaz e Xesús Vega Buxán, ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento e Pleno.

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 26 de decembro de 1997, acordou proceder á privatización da empresa Hijos de J. Barreras a un grupo formado por Naviera Odiel, García Costas e mailo equipo xestor do propio estaleiro, polo que os compradores se comprometeron a garanti-lo mantemento do cadro de persoal e a actividade da empresa.

Desta operación de venda exclúense os terreos ociosos de H.J. Barreras cunha superficie total de 58.700 metros cadrados, radicados no Porriño e Vigo, que pasan a ser propiedade de Astilleros Españoles, S.A. (AESA), empresa pública participada ó 100% pola SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais).

Na medida en que AESA non conta con ningún centro productivo en Galicia, a cesión que lle fai á SEPI dos terreos de Barreras significa que de ningunha maneira o produto da venda daqueles vai repercutir no noso país, o cal resulta inadmisíble, xa que proceden dunha empresa galega constituída no ano 1908.

Por estas razóns preséntase a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Reclamar unha negociación co Goberno central para a transferencia da titularidade dos terreos ociosos á Comunidade Autónoma.

2.- Administra-los terreos, unha vez efectuada a devandita transferencia, de maneira que se garanta a súa utilidade social.

3.- Asumi-la defensa empresarial de Barreras, arbitrando os mecanismos necesarios para acadar semellante obxectivo.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Olaia Fernández Davila

Xosé Díaz Díaz

Xesús Vega Buxán

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Xosé Manuel Beiras Torrado

Portavoz do G.P. do BNG

Proposición non de lei en Pleno, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xesús Vega Buxán, sobre a petición do Goberno galego ó Goberno central para a modificación do apartado 4 do artigo 143 do Código penal (núm. 1.340).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Xesús Vega Buxán e ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno.

A morte de Ramón Sampredo colocou nas primeiras páxinas de comunicación un problema social que el mesmo contribuíu a popularizar, coa súa reflexiva e teimuda reivindicación dunha morte voluntaria que rematase coa súa vida, grave e irreversiblemente eivada por un accidente que o deixou tetraplético hai 29 anos.

Unha sociedade democrática, na que os dereitos humanos sexan unha referencia ineludible da vida social, non pode da-las costas ó problema do dereito a unha morte digna das persoas que, por mor dunha enfermidade terminal ou incapacitante, dun accidente ou de calquera outra circunstancia, arrastran unha existencia que segundo os seus criterios non merece a pena ser vivida. Non é nin xusto nin humano que a sociedade ignore o sufrimento que comportan doenzas irreversibles ou as penalidades dunha vida de pos-

tración absoluta e negue o dereito das persoas que sofren estas situacións a pór fin a súa existencia se esa é a súa vontade libremente expresada.

Non estamos a falar dunha decisión irreflexiva, adoptada nun momento de desesperación ou de depresión aguda. Trátase de amosa-lo maior respecto cara á vontade dunhas persoas que asumen cabalmente a decisión de ser donas dos seus destinos, tamén á hora da morte. Se a liberdade consiste en que as persoas poidan decidir co mínimo de condicionamento e presións as opcións transcendentais das súas vidas, esa mesma liberdade debe facerse extensiva a poder decidi-la morte cando, debido a circunstancias obviamente non elixidas, a vida non pode ser soportada por máis tempo. É unha cuestión de liberdade, respecto e solidariedade humana cara ó sufrimento das persoas.

Certo é que a decisión sobre a propia morte implica dilemas morais de difícil resolución. Non se trata de buscar un consenso moral sobre a valoración das circunstancias nas que a vida humana merece tal nome. Tal consenso non é posible xa que suporía unha uniformidade en cuestións morais que a pluralidade ideolóxica e de crenzas existente na sociedade fai imposible. Pero, precisamente por isto, un criterio fundamental de funcionamento dunha sociedade permissiva e tolerante coa diversidade de opcións morais debe ser que aquelas decisións que atinxen ó máis fondo das nosas opcións morais sexan adoptadas de xeito libre por cada persoa. E non hai decisións máis graves neste sentido que as que se refiren á vida e á morte. O artigo 13 da Declaración universal de dereitos humanos di que “ninguén será obxecto de inxerencias arbitrarias na súa vida privada”. ¿Que cousa pode haber máis privada que se enfrontar coa propia conciencia e decidir libremente sobre o destino último da propia vida?

Comprendemos que non é doada unha regulamentación deste dereito —que reivindicamos— a unha morte digna. É moi importante que a permisividade non poida ser utilizada para condiciona-la vontade dos enfermos, ben sexa polos seus familiares, ben sexa polos médicos. Tamén deberían existir todo tipo de garantías para evitar que as familias, os hospitais ou o propio sistema sanitario poidan utilizar ese dereito para librarse da carga que poidan supo-los enfermos completamente incapacitados ou en fase terminal.

Non pode haber neste sentido a máis mínima ambigüidade respecto da necesidade por parte dos poderes públicos de salvagarda-las vidas das persoas máis débiles e necesitadas de atención.

Pero sexa cal sexa a regulamentación legal pertinente para conseguir esas garantías, segue sendo de todo punto ineludible a necesidade de encarar cabalmente o dereito a unha morte digna, unha vez que as persoas afectadas decidiron que é esa a única liberación que poden esperar como remate a unha existencia que para elas é a negación da vida que non puideron desfrutar.

É por iso que presentámo-la seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1.- Demandar do Goberno central que promova a modificación do apartado 4 do artigo 143 do actual Código penal que castiga a cooperación coa “morte doutro, por petición expresa, seria e inequívoca deste, no caso de que a vítima sufrise unha enfermidade grave que conduciría necesariamente á súa morte ou que producise graves padecementos permanentes e difíciles de aturar”.

2.- Solicitar do Goberno central unha nova regulamentación que impida calquera clase de abuso ou violación da libre vontade das persoas que poidan verse nesa situación.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 1998

Asdo.: Xesús Vega Buxán

Deputado do G.P. do BNG

Xosé Manuel Beiras Torrado

Portavoz do G.P. do BNG

Proposición non de lei en Pleno, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xavier Casares Mouriño e D.ª Isabel Salazar Bello, sobre a asistencia ós enfermos moribundos nos centros hospitalarios do Servicio Galego de Saúde (núm. 1.342).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Xabier Casares Mouriño e

da deputada Isabel Salazar Bello, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei en Pleno relativa á asistencia ós enfermos moribundos nos centros hospitalarios do Servicio Galego de Saúde.

Exposición de motivos

A historia da humanidade sempre estivo impregnada polo signo da morte. En Galicia, o sentimento fronte á morte e o mesmo feito de morrer sempre tiveron compoñentes sociolóxicos especiais; o home era o propio dono da súa morte e constituía unha norma saber que ía morrer. Estaba, a morte, rodeada dunha grande solemnidade pública, onde o protagonista era o enfermo moribundo, desempeñando papeis moi concretos os familiares máis achegados, os amigos máis íntimos, o médico e, no caso dos crentes, o cura.

Hoxe, como consecuencia do progreso técnico-sanitario, aparece un novo modelo de morte: a morte hospitalaria; de xeito que o que máis lle empeza a preocupar ó home xa non é a morte en si, senón o proceso de morrer, que adoita levar sufrimentos de índole diversa, especialmente se a enfermidade é prolongada e incurable.

Nos hospitais, a medicina apodérase dos moribundos, apártaos física e psicolóxicamente dos seres queridos dun xeito máis ou menos radical. A mesma morte medicalízase; é dicir, convértese nun feito rexido tecnicamente pola equipo hospitalario e as normas a que esta está sometida, facendo do morrer un feito impersoal, provocando a ruptura coas relacións interpersoais habituais.

Por outra banda, a especialización e a atomización dos variados servizos ó enfermo traen como consecuencia, con demasiada frecuencia, que ningún membro do persoal médico ou asistencial se sinta responsable das atormentadoras cuestións persoais dun moribundo, xa que todos adoitan ter escusas para non atender tan intensivamente a un paciente, alegando a súa dedicación á pequena parcela de atencións que teñen encomendadas, e a súa falta de tempo e ocasión para outros mesteres. Esta actitude tamén se estende ás relacións cos familiares do moribundo, ós que se deixa sós, no medio das súas angurias, e que as súas preguntas son directa ou indirectamente preteridas.

A actual estrutura hospitalaria favorece en gran medida á residencia a asistir persoalmente ó moribundo, isto é: impide o acompañamento na hora da morte.

Dado que estas situacións se están a vivir diariamente nos hospitais galegos, o deputado e a deputada asinantes presentan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Dota-los hospitais galegos de habitáculos apropiados onde os enfermos moribundos poidan pasa-los últimos momentos da súa vida acompañados das persoas máis achegadas.

2.- Dota-los hospitais galegos de dependencias axeitadas para que os familiares dos enfermos falecidos poidan elabora-lo seu dó dun xeito digno e íntimo.

3.- Dota-los hospitais galegos de persoal motivado e especializado, que se encargue de coordina-la asistencia técnico-sanitaria e a asistencia humana e psicolóxica, que asegure que o enfermo moribundo vai estar acompañado nos seus últimos momentos.

Parlamento de Galicia, 2 de febreiro de 1998

Asdo.: Xabier Casares Mouriño

Isabel Salazar Bello

Deputado e deputada

Asdo.: Emilio Pérez Touriño

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

3.6.2. PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

3.6.2.1. PROPOSICIÓNS

Proposicións non de lei en Comisión formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 10 de febreiro de 1998, admitiu a trámite e cualificou como proposicións non de lei, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a adopción de medidas para solucionar-las deficiencias existentes na recepción do sinal de televisión no concello de Vilardevós (núm. 1.346).

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios:

- Do G.P. Mixto, por iniciativa de D. Xosé Manuel Pazos Varela, sobre as melloras na estrada C-550 no termo municipal do Grove (núm. 1.333).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a realización das obras de acondicionamento e mellora das vías de comunicación do concello de Vilardevós (núm. 1.345).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Manuel Veiga Pombo, sobre o rexeitamento da recualificación dos terreos das ribeiras dos ríos Miño, Loña e Barbaña na cidade de Ourense, actualmente cualificadas de zonas verdes (núm. 1.351).

Comisión 4.^a, Educación e Cultura:

- Do G.P. Mixto, por iniciativa de D. Xosé Manuel Pazos Varela, sobre as escavacións arqueolóxicas en Adro Vello-O Grove (núm. 1.334).

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego:

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para o mantemento da empresa conserveira La Onza de Oro e dos seus postos de traballo (núm. 1.347).

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Emilio López Pérez e D. Bautista Álvarez Domínguez, sobre a posición do Sr. presidente da Xunta de Galicia respecto da creación dun programa de apoio ó castiñeiro (núm. 1.327).

- Do G.P. Mixto, por iniciativa de D. Xosé Manuel Pazos Varela, sobre a leira da Saleta-Meis (núm. 1.335).

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que se vaian debater, de conformidade co artigo 161.2 do Regulamento da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 1998

Celso Delgado Arce
Vicepresidente 1.º

Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a adopción de medidas para solucionar as deficiencias existentes na recepción do sinal de televisión no concello de Vilardevós (núm. 1.346. Comisión 1.º).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Cortizo Nieto e a través do seu portavoz, ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Comisión.

Exposición de motivos

No concello de Vilardevós, no val do Támega, na comarca de Monterrei, a recepción do sinal de televisión presenta numerosas deficiencias que cando non afecta a unha cadea de televisión afecta a outras.

En definitiva, algo que parece tan normal como poder te-lo servizo de sinal axeitado para que calquera cadea de televisión poida ser vista sen problemas non ocorre no concello de Vilardevós, e de xeito especial coas cadeas de televisións públicas.

Nalgún momento, electoral claro, puxéronse algúns repetidores de escasa cobertura en determinadas zonas. En realidade, máis que repetidores de sinal de televisión tratábase de recolletores de votos. O resultado foi que non só non solucionaron ningún problema, senón que polo contrario causaron interferencias que antes non había.

Polo exposto, formúlase a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a toma-las medidas necesarias no que é a súa competencia e a face-las xestións precisas nos outros casos para que o sinal de televisión teña unha cobertura uniformemente boa no concello de Vilardevós.

Parlamento de Galicia, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Miguel Cortizo Nieto
Deputado
Emilio Pérez Touriño
Portavoz

Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. Mixto, por iniciativa de D. Xosé Manuel Pazos Varela, sobre as melloras na estrada C-550 no termo municipal do Grove (núm. 1.333. Comisión 2.º).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do seu deputado Xosé Manuel Pazos Varela, a través do seu portavoz e ó amparo do vixente Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei sobre as melloras na estrada C-550 no termo municipal do Grove, para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia ten previsto, con catro anos de atraso, construí-la vía rápida mal chamada Sanxenxo-O Grove, xa que esta comeza e remata no concello de Sanxenxo. Así mesmo, prevé acondicionar de acordo coa Deputación de Pontevedra a estrada que vai da Lanzada a San Vicente, mesmo tamén se quere ampliar a catro carrís o istmo do Vao.

De todos é coñecido que no Grove na temporada de verán os problemas de tráfico comezan xa practicamente no casco urbano e son problemas de saída do municipio, raramente se producen de entrada. Así mesmo, entre o chamado empalme de Ardia (desvío cara á Toxa) e o cruzamento cara a San Vicente atópanse tres curvas nas que dado o seu radio son frecuentes os accidentes por saída dos automóviles.

Sáíndo da Toxa xa nos atopamos co primeiro funil na mesma ponte, o que supón que se forme un atasco ata o centro da propia illa, para logo volvermos atopar co atasco do empalme de Ardia. Con referencia ós

atascos, no enlace da vía rápida coa autoestrada existen só tres expendedores de *tickets*, polo que se forman tamén importantes retencións neste punto. É de prever que no momento en que entre en funcionamento o novo tramo de vía rápida desde A Lanzada estes atascos se incrementarán de forma importante.

Por todas estas razóns é polo que o Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do deputado de EU-EG Xosé Manuel Pazos Varela, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a realizar as seguintes melloras na estrada C-550 no termo municipal do Grove: construción dunha rotonda na saída da ponte da Toxa; construción dunha rotonda no empalme de Ardia; mellora dos radios das curvas Telleiras, a volta dos Muíños e a de Ramos; construción dun carril bici O Grove-A Lanzada; iluminación da rotonda da pontella de Noalla; construción de beirarrúas desde o alto de Borreiros ata Ardia, e construción dun ou dous expendedores de *tickets* no enlace da vía rápida coa autoestrada.

Parlamento de Galicia, 4 de febreiro de 1998

Asdo.: Xosé Manuel Pazos Varela
Deputado do G.P. Mixto
Anxo Guerreiro Carreiras
Portavoz do G.P. Mixto

Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a realización das obras de acondicionamento e mellora das vías de comunicación do concello de Vilardevós (núm. 1.345. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Cortizo Nieto e a través do seu portavoz, ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Comisión.

Exposición de motivos

Vilardevós é, para os que non o saiban, un concello da provincia de Ourense abandonado pertinazmente pola Xunta de Galicia e pola Deputación de

Ourense en canto ó arranxo das súas vías de comunicación. Supoñemos que non ten nada que ver con este abandono o feito de que o alcalde de Vilardevós pertenza ó PSdeG-PSOE. Supoñendo, xa veremos, se é certo ou non.

Dada a situación de auténtica penuria das comunicacións no termo municipal, o concello fixo nos últimos anos un importantísimo esforzo económico para que tódolos núcleos de poboación tivesen vías de comunicación, cousa que non ocorría, en moitos casos, ó principio dos anos oitenta.

Sen embargo, a capacidade económica do concello é limitada e precisa da intervención doutras administracións. Neste senso hai que sinalar que o estado no que se atopa actualmente a estrada autonómica que une Verín con Vilardevós e Soutochao é absolutamente vergonzoso, tanto polo estado do firme coma polas curvas e a estreiteza da vía, que a configuran ademais como moi perigosa.

As reclamacións para o seu arranxo prodúcense ano tras ano, sen que argumentos tales como o carácter de vía vertebral do concello, as necesidades comerciais e empresariais, o tráfico con localidades portuguesas e outros de interese social sirvan de nada.

Razóns similares, e con especial peso se se fala da industria madeireira da zona, xustifican o arranxo da vía do concello de Vilardevós que une San Roque coa N-525, que permitirá o tráfico cara a Zamora sen necesidade dun rodeo por Verín, tan innecesario coma custoso.

Por outra banda, existe a necesidade de facilitar as comunicacións con núcleos portugueses que se xustifica por motivos obvios. Procedería polo tanto a necesidade de acometer as obras dos escasos quilómetros que hai sen pavimentar entre os lugares de Soutochao e Vilarrello no concello de Vilardevós cos lugares portugueses de Mairos e Segirei respectivamente.

O custo do conxunto de todas estas obras é realmente escaso en termos absolutos, sobre todo se se ten en conta o beneficio social e económico que supoñería para unha zona de interior e coas características socioeconómicas do concello de Vilardevós.

Ademais, o lamentable estado actual destas vías, moi por debaixo de calquera nivel aceptable, debería ser razón suficiente para afrontar esta cuestión de xeito inmediato.

Por todo o anterior, formúlase a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realiza-las obras de acondicionamento e mellora das citadas vías do concello de Vilardevós con cargo ós orzamentos de 1998.

Parlamento de Galicia, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Miguel Cortizo Nieto

Deputado

Emilio Pérez Touriño

Portavoz

Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Manuel Veiga Pombo, sobre o rexeitamento da recualificación dos terreos das ribeiras dos ríos Miño, Loña e Barbaña na cidade de Ourense, actualmente cualificadas de zonas verdes (núm. 1.351. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Manuel Veiga Pombo, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Comisión.

A recuperación, para goce dos cidadáns, das ribeiras dos ríos que atravesan a cidade de Ourense foi un obxectivo do Goberno na dita cidade e verbalmente do actual Goberno do PP.

Hai manifestacións abondo que sinalan a importancia de preservar estas zonas e dedicalas ó uso común dos cidadáns.

Como a Xunta ten a competencia de modificar zonas verdes, é polo que propoñemos que:

“O Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a rexeita-la recualificación dos terreos das ribeiras

dos ríos Miño, Loña e Barbaña na cidade de Ourense, que actualmente están cualificadas de zonas verdes.”

Parlamento de Galicia, 2 de febreiro de 1998

Asdo.: Manuel Veiga Pombo

Deputado

Emilio Pérez Touriño

Portavoz

Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. Mixto, por iniciativa de D. Xosé Manuel Pazos Varela, sobre as escavacións arqueolóxicas en Adro Vello-O Grove (núm. 1.334. Comisión 4.ª).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do seu deputado Xosé Manuel Pazos Varela, a través do seu portavoz e ó amparo do vixente Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei sobre as escavacións arqueolóxicas en Adro Vello-O Grove, para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos

Desde hai varios anos, estanse a producir escavacións arqueolóxicas na necrópole de Adro Vello, no Grove, necrópole de orixe romana de gran importancia histórica e cultural.

Se ben nos últimos anos as ditas escavacións están paralizadas, dado que están soterradas baixo unha estrada, mesmo parece que poden continuar dentro dunha leira particular.

Hai un acordo entre a Xunta, a Deputación de Pontevedra e o Concello do Grove para varia-lo trazado da dita estrada, así como tamén que a Xunta dispoña de 80 millóns de pesetas para construír un museo no dito xacemento.

A realidade é que van pasando os anos, o xacemento vaise deteriorando, a estrada segue sen variarse, as escavacións non se rematan e o museo non se constrúe.

Por todas estas razóns é polo que o Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do deputado de EU-EG Xosé Manuel Pazos Varela, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a face-las xestións necesarias ante a Deputación de Pontevedra, o Concello do Grove e a propia Xunta a fin de que no menor tempo posible cumpra cada administración coa parte que lle toca no desvío da estrada, no remate das escavacións e na construción do museo de Adro Vello.

Parlamento de Galicia, 4 de febreiro de 1998

Asdo.: Xosé Manuel Pazos Varela
Deputado do G.P. Mixto
Anxo Guerreiro Carreiras
Portavoz do G.P. Mixto

Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para o mantemento da empresa conserveira La Onza de Oro e dos seus postos de traballo (núm. 1.347. Comisión 5.ª).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Cortizo Nieto e a través do seu portavoz, ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Comisión.

Exposición de motivos

Con data 28 de marzo de 1996, o Grupo Parlamentario Socialista presentou, por iniciativa dos deputados Sres. Ventoso Mariño e Uxío Labarta e da deputada Sra. María Xosé Porteiro, unha proposición non de lei que sería debatida na sesión do 14 de maio de 1996, e que tiña o seguinte texto:

A empresa La Onza de Oro non é só unha empresa conserveira da Pobra do Caramiñal senón tamén a súa conserva galega e unha histórica no sector.

A suspensión de pagos presentada perante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ribeira é unha catástrofe.

A empresa La Onza de Oro durante anos non só foi unha empresa conserveira senón tamén un proxecto cultural. Ramón Padín foi paladín e principal impulsor de actividades culturais e empresariais na co-

marca; como non lembra-la súa decidida participación na saída da revista *Teima* —xermolo da oposición galeguista ó franquismo— ou o financiamento de tantas e tantas actividades culturais dirixidas a espalla-los novos valores —daquela brutalmente cernados— do galeguismo democrático. A súa morte deixou un baleiro.

A crise da empresa é un factor negativo de cara a seguir mantendo o actual tecido pesqueiro-industrial da Barbanza. Non só está en xogo La Onza de Oro, cuestiónase tamén o futuro pesqueiro da Barbanza e da principal flota de baixura de Galicia e de España.

Tamén os traballadores van resentirse. E por iso ten que valorarse positivamente a decisión da UXT e dos partidos políticos con representación no Concello da Pobra de leva-la súa preocupación a un pleno extraordinario.

Diante de tanta preocupación o Parlamento de Galicia non pode seguir calado nin renunciar a ser partícipe na busca de solucións que permitan acceder a un acordo positivo dirixido a acadar-la implicación da Xunta para salva-lo emprego e garanti-la viabilidade da empresa.

É moita xente, é boa xente e sofre a desgracia de ter débedas excesivas a curto prazo. Pero, en calquera caso, merecen a consideración de ser tidos en conta.

Como consecuencia, aprobouse a seguinte resolución:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar no deseño dunha solución de futuro que garanta —a través da implicación do Igape e de Sodiga —a viabilidade da empresa La Onza de Oro.”

Non hai que volver repetir que a empresa é unha boa empresa, sen problemas que non permitan a súa viabilidade, con máis de 140 postos de traballo directores, con bo cadro de persoal, na súa maior parte mulleres, e boa rede comercial.

Pero si hai que cuestionarse que é o que fixo a Xunta de Galicia para o cumprimento da resolución aprobada, non polo cumprimento en si mesmo, senón para salva-la empresa e os 140 postos de traballo.

En todo caso, cómpre formula-la seguinte resolución:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar de xeito inmediato as medidas necesarias para salva-la empresa conserveira La Onza de Oro e os postos de traballo implicados”.

Parlamento de Galicia, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Miguel Cortizo Nieto

Deputado

Emilio Pérez Touriño

Portavoz

Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Emilio López Pérez e D. Bautista Álvarez Domínguez, sobre a posición do Sr. presidente da Xunta de Galicia respecto da creación dun programa de apoio ó castiñeiro (núm. 1.327. Comisión 7.ª).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa dos seus deputados Emilio López Pérez e Bautista Álvarez Domínguez e ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para a súa tramitación na Comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, referida a alentar ó presidente da Xunta para a creación dun programa de apoio ó castiñeiro.

Exposición de motivos

Nada mellor có propio congreso forestal que se remata de celebrar en Silleda —ó que, por certo, non se convidou, polo visto, ás forzas políticas nin sociais, moi en consonancia coa tan cacarexada vontade de diálogo do presidente Fraga— para confirma-los temores que o propio Bloque Nacionalista Galego tiña manifestado estes anos nas discusións parlamentarias sobre a política forestal:

“As reservas de madeira de piñeiro no monte galego esgotaranse no 2005”.

Neste mesmo ano “máis do 65% da produción madeireira será de eucalipto”...”No 2020 superará o 75%”.

Cando hai menos dun ano no informe da Comisión non lexislativa de seguimento do Plan forestal o BNG facía propostas para darlle unha orientación distinta á política forestal, o Partido Popular rechazounas, ó parecer por innecesarias.

Estaba, segundo os representantes do PP, garantida a biodiversidade e a potenciación de madeiras de calidade.

O único que temos garantido, segundo as conclusións do recente congreso de Silleda, é a desfeita do noso sector industrial madeireiro, comezando polos serradoiros, e a produción dunha madeira de ruín calidade que está á baixa e convertida xa nunha especie invasora que está a esgotar terras de calidade para outro tipo de producións máis adecuadas.

E para maior desatino, vai o propio presidente da Xunta e propón xustamente o que en varias ocasións defendeu no Parlamento galego estes anos o BNG, e ó que o Partido Popular se opuxo: a “necesidade urxente dun programa para o castiñeiro”.

Pois ben, non vai se-lo BNG quen se arrede das posicións mantidas ata o presente no referido a estas propostas.

Coa conciencia de que o propio presidente da Xunta se decatou da gravidade do problema, formulamos propostas na dirección sinalada:

Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a tomar-las seguintes medidas:

1.º.- Crear un programa urxente para a recuperación e o cultivo do castiñeiro, que implique cando menos a recuperación dun millón de árbores por ano.

2.º.- Traspasar para axuda a este programa os fondos que ata este momento se destinaban a potencia-la plantación de eucaliptos.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez

Bautista Álvarez Domínguez

Deputados do G.P. do BNG

Xosé Manuel Beiras Torrado

Portavoz do G. P. do BNG

Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. Mixto, por iniciativa de D. Xosé Manuel Pazos Varela, sobre a leira da Saleta-Meis (núm. 1.335. Comisión 7ª).

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do seu deputado Xosé Manuel Pazos Varela e a través do seu portavoz, ó amparo do vixente Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei sobre a leira da Saleta-Meis, para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos

No concello de Meis existe unha leira chamada A Saleta, de propiedade privada, dunha superficie de 35.000 m², leira que está á venda e na que coexisten máis de 600 especies de plantas distintas, todas catalogadas e identificadas, gran parte delas traídas de Sudáfrica e Australia, así como especies autóctonas. Conta tamén con viveiro propio e unha vivenda provista con estudio fotográfico.

O valor cultural e científico da Saleta é incalculable, e a necesidade da súa conservación é incuestionable segundo tódolos expertos e afeccionados á botánica ornamental e, en xeral, segundo tódolos preocupados pola conservación da natureza e a paisaxe.

Nin que dicir ten que os moitos e posibles aproveitamentos que pode ter este xardín, tanto a nivel didáctico (de feito xa figura en varios libros e atlas de botánica) coma a nivel turístico, fano o lugar idóneo para realizar xornadas e cursos de educación ambiental, para que os alumnos das escolas de botánica-biología, etc., poidan face-las súas prácticas ou simplemente para visitar e admirarse ante a gran variedade de especies que alí se poden ver, algunhas delas posiblemente únicas en Europa.

Proba da importancia desta leira é que a Mancomunidad do Salnés creou unha comisión especial en febreiro de 1997 para xestionar ante as administracións públicas a compra e o mantemento da dita leira, e reuníronse xa co actual conselleiro de Medio Ambiente, co delegado provincial da Consellería de Agricultura, co presidente da Deputación de Pontevedra, con directivos de Caixa Vigo e de Caixa Pontevedra, co secretario xeral para

o Turismo, co conselleiro de Educación, coa directora do Real Xardín Botánico de Madrid e co director do Xardín Botánico de Córdoba; todos eles manifestaron o interese por manter este xardín con carácter público.

O seu prezo de venda é de 60 millóns de pesetas, cantidade insignificante, dada tanto a superficie coma o valor en si do propio xardín, polo que de non proceder canto antes á súa compra este podería ser comprado por un particular, perdendo así esta oportunidade de xeito imperdoable.

Por todas estas razóns é polo que o Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do deputado de EU-EG Xosé Manuel Pazos Varela, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a colaborar coa Mancomunidad do Salnés a fin de xestionar-lo máis urxentemente posible a compra e o mantemento da leira A Saleta para dedicala a xardín botánico.

Parlamento de Galicia, 4 de febreiro de 1998

Asdo.: Xosé Manuel Pazos Varela

Deputado do G.P. Mixto

Anxo Guerreiro Carreiras

Portavoz G.P. Mixto

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

Solicitud de comparecencia, formulada polos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e Mixto, do Sr. conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, para informar sobre as causas que motivaron o cesamento da directora do Centro Galego de Arte Contemporánea (núm. 1.330. Comisión 4ª).

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 10 de febreiro de 1998, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión 4.^a, Educación e Cultura, o escrito no que se solicita, por iniciativa dos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e Mixto, a comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Comunicación

Social e Turismo, para informar sobre as causas que motivaron o cesamento da directora do Centro Galego de Arte Contemporánea (núm. 1.330).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 1998

José María García Leira
Presidente

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Mixto, a través dos seus portavoces e ó abeiro do disposto nos artigos 144 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a solicitude de comparecencia en Comisión do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, para explica-las causas que motivaron o cesamento da directora do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Parlamento de Galicia, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Emilio Pérez Touriño
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Anxo Guerreiro Carreiras
Portavoz do G.P. Mixto

Solicitude de comparecencia, por iniciativa D.ª María Pilar García Negro e e tres deputados máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, do Sr. conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, para informar sobre as razóns que deron lugar á recente destitución da directora artística do Centro Galego de Arte Contemporánea; da política da Xunta de Galicia no sector das artes plásticas, en xeral, e da xestión e do funcionamento do Centro Galego de Arte Contemporánea, en particular; das previsións —continuistas ou non— de dirección, funcionalidade e difusión do labor desenvolvido polo Centro Galego de Arte Contemporánea, e dos recursos financeiros e humanos destinados a tal fin (núm. 1.341. Comisión 4.ª).

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 10 de febreiro de 1998, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión 4.ª, Educación e Cultura, o escrito no que se solicita, por iniciativa D.ª María Pilar García Negro e e tres deputados máis, do

G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, para informar sobre as razóns que deron lugar á recente destitución da directora artística do Centro Galego de Arte Contemporánea; da política da Xunta de Galicia no sector das artes plásticas, en xeral, e da xestión e do funcionamento do Centro Galego de Arte Contemporánea, en particular; das previsións —continuistas ou non— de dirección, funcionalidade e difusión do labor desenvolvido polo Centro Galego de Arte Contemporánea, e dos recursos financeiros e humanos destinados a tal fin (núm. 1.341).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 1998

José María García Leira
Presidente

Á Mesa do Parlamento

As deputadas María Pilar García Negro e María Salomé Álvarez Blanco e os deputados Eduardo Gutiérrez Fernández e Xosé Henrique Tello León, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), membros titulares da Comisión 4.ª, ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, perante aquela Comisión, a fin de que informe: (a) das razóns que deron lugar á recente destitución da directora artística do Centro Galego de Arte Contemporánea; (b) da política da Xunta de Galicia no sector das artes plásticas, en xeral, e da xestión e do funcionamento do CGAC, en particular; (c) das previsións -continuistas ou non- de dirección, funcionalidade e difusión do labor desenvolvido polo CGAC, e (d) dos recursos financeiros e humanos destinados a tal fin.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 1998

Asdo.: María Pilar García Negro
María Salomé Álvarez Blanco
Eduardo Gutiérrez Fernández
Xosé Henrique Tello León

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

4.2. INTERPELACIÓNS

Interpelacións formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 10 de febreiro de 1998, admitiu a trámite e cualificou como interpelacións os escritos que, a seguir, se relacionan:

- De D. Abel Caballero Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o resultado para Galicia de acepta-la cesión do 30% do imposto sobre a renda das persoas físicas á vista da evolución da recadación no ano 1997 e o criterio do Goberno galego respecto da solicitude de cesión do imposto sobre o valor engadido minorista e dos impostos especiais de hidrocarburos, tabaco e medios de transporte (núm. 1.302).

- De D. Abel Caballero Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións do Goberno galego respecto do proceso de fusión das caixas de aforros galegas (núm. 1.303).

- De D. Emilio López Pérez e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto das consecuencias para a agricultura de Galicia da aplicación da chamada Axenda 2000 (núm. 1.315).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 1998

Celso Delgado Arce

Vicepresidente 1.º

Interpelación, formulada por D. Abel Caballero Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o resultado para Galicia de acepta-la cesión do 30% do imposto sobre a renda das persoas físicas á vista da evolución da recadación no ano 1997 e o criterio do Goberno galego respecto da solicitude de cesión do imposto sobre o valor engadido minorista e dos impostos especiais de hidrocarburos, tabaco e medios de transporte (núm. 1.302).

Á Mesa do Parlamento

Abel Caballero Álvarez, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da

Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte interpelación.

Nos últimos anos estase a producir en España un cambio substancial no sistema de financiamento autonómico. Do sistema establecido pola LOFCA e centrado (polo que atinxe á suficiencia) no custo efectivo evolucionouse en 1987 cara á PIE, porcentaxe de participación das comunidades autónomas nos ingresos do Estado.

No ano 1993 estableceuse a participación das CC.AA. no rendemento do imposto da renda das persoas físicas, cedéndolles ás CC.AA. o 15% da cota líquida territorializada, con carácter experimental e acompañada de importantes medidas correctoras (topes máximos e mínimos).

No ano 1996 establécese un novo sistema cedéndolles ás CC.AA. o 30% do IRPF, sen ningún tope corrector, e coa atribución da capacidade normativa sobre o tramo cedido deste imposto.

No País Vasco acadouse posteriormente un acordo de cesión a aquela comunidade dos impostos especiais.

Por todo iso, o deputado asinante interpela a Xunta:

¿Cal foi o resultado que para Galicia tivo a decisión de acepta-la cesión do 30% do IRPF á vista da evolución en termos absolutos e relativos da recadación do IRPF durante o ano 1997?

Dado que o sistema de financiamento autonómico quedou, en calquera caso, inconcluso para os intereses de Galicia, e con independencia das posicións sobre o IRPF, ¿comparte o Goberno de Galicia solicita-la cesión de dous novos impostos, o IVE minorista e os impostos especiais de hidrocarburos, tabaco e medios de transporte?

Parlamento de Galicia, 29 de xaneiro de 1998

Asdo.: Abel Caballero Álvarez

Deputado

Interpelación, formulada por D. Abel Caballero Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as

actuacións do Goberno galego respecto do proceso de fusión das caixas de aforros galegas (núm. 1.303).

Á Mesa do Parlamento

Abel Caballero Álvarez, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte interpelación.

O sistema financeiro é unha das pancas económicas máis relevantes, e máis sensibles, de calquera territorio. Cada vez o seu papel no espazo económico é máis importante.

O proceso económico e político que está a ter lugar na Unión Europea, a moeda única como realidade inmediata, vai ter fondas repercusións no sistema financeiro e crediticio europeo, español e galego. Ningún país vai escapar das profundas consecuencias deste proceso; fusións, concentracións, coordinación, cooperación, serán palabras de uso cotiá neste medio.

En Galicia as caixas de aforros, que ademais de ser unha parte moi importante no noso sistema financeiro amosaron sempre unha gran solidez e capacidade de expansión, tampouco van quedar sen ser alcanzadas por esta máis dinámica estrutura financeira europea.

Estando a escoitar nos últimos tempos declaracións de parte dalgúns membros do Goberno galego no senso de cales deberían se-las pautas das fusións das caixas de aforros en Galicia.

Con base na enorme importancia destas decisións, o deputado asinante interpela a Xunta:

¿Cales son as actuacións que está a segui-lo Goberno galego en relación co proceso de fusión de caixas de aforros galegas?

Parlamento de Galicia, 29 de xaneiro de 1998

Asdo.: Abel Caballero Álvarez

Deputado

Interpelación, formulada por D. Emilio López Pérez e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto das consecuencias para a

agricultura de Galicia da aplicación da chamada Axenda 2000 (núm. 1.315).

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez e Alfredo Suárez Canal, deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Interpelación referida ás previsións do Goberno galego sobre as consecuencias para a agricultura de Galicia da aplicación da chamada Axenda 2000.

As continuas reformas de política agraria común (PAC) veñen agora engadírase medidas drásticas de apertura de mercados e liberalización do comercio agroalimentario para favorecer-lo interese dun reducido número de grupos en poucos países, mentres agriculturas como a galega se poden ver grandemente afectadas por unha planificación dos mercados que reduciría a nosa presenza e posibilidade de existencia.

A Organización Mundial do Comercio (OMC), sucesora da Rolda de Uruguai do GATT, planificou abri-los mercados da UE ás pretensións expansivas dos EE.UU. de América, actuando en tres direccións que conducen a un mesmo punto: a) redución da axuda interna á agricultura nos países da UE; b) apertura dos mercados ós produtos agroalimentarios de fóra da UE freando as axudas ás exportacións e garantindo un mínimo de importacións de produtos fóra da UE, e c) rebaixa obrigada dos prezos rebaixando os prezos de referencia ou garantía. Todo isto acompañado dun desmantelamento progresivo dos sistemas proteccionistas, como os aranceis, etc.

Á vista destes acordos de política comercial, os países do centro da UE que lideran e controlan dende Bruxelas a política da comunidade están a planifica-la defensa das súas producións presionando nas agriculturas da Europa do sur, entre os que nos atopamos, e tamén nos futuros mercados que lles poidan proporcionar-los antigos países da Europa do Leste.

O recente documento da Axenda 2000, avalado pola Comisión Europea, é totalmente explícito á hora de marca-los obxectivos que persegue a implantación deste novo modelo de organización dos mercados agroalimentarios.

O máis preocupante aínda é a precipitación na aplicación destas medidas que pretenden acadar-las seus obxectivos para o ano 2006.

A experiencia vivida en sectores como o do leite de vacún dende hai máis de 12 anos dános unha idea do que poden supoñer as novas medidas.

Non se trata só de que se reduzan as axudas, pois a agricultura galega ten recibido moi poucos beneficios delas e si cuantiosas perdas da aplicación da PAC, que nin á UE, nin ó Goberno central ou ó autonómico lles interesa cuantificar. Trátase dunha pelexa entre grandes pola hexemonía dos mercados onde as industrias galegas nin sequera van ser moedas de cambio senon desprezable *calderilla* destinada a ser pisada e non recollida polos transeúntes.

Esta situación lévanos a interpela-lo Goberno sobre os seguintes extremos:

¿Que lle pode acontecer á nosa gandería de leite e carne cando se apliquen as medidas da Axenda 2000?

¿Ten o Goberno galego avaliadas as consecuencias das medidas da PAC para a agricultura e gandería galegas co fin de tirar conclusións fronte ó que pode representar a aplicación da Axenda 2000?

¿Que consecuencias cre o Goberno galego que pode traer para Galicia e para a nosa agricultura a ampliación da UE a cinco ou seis países máis?

¿Con que resortes vai contar no futuro o Goberno galego para defender as empresas e cooperativas da agroindustria diante dun mercado tan agresivo coma o que se aveciña?

¿Pénsase contar con instrumentos políticos, xurídicos ou económicos para defenderse?

¿Establecéronse previsións de produción e de mercado?

¿Pensa algo no futuro dos novos sectores produtivos o Goberno galego?

Tendo como dominante o modelo da explotación familiar e sen perspectivas de colocación noutros sectores, ¿que perspectivas de ocupación se teñen para os posibles excedentes do agro?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez

Alfredo Suárez Canal

Deputados do G.P. do BNG

4.3. PREGUNTAS

4.3.1. PREGUNTAS ORAIS EN PLENO

Preguntas orais en Pleno formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 10 de febreiro de 1998, admitiu a trámite e cualificou como preguntas con resposta oral en Pleno os escritos que a seguir se relacionan:

- De D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual de desenvolvemento na que se atopa o Plan Sogama (núm. 1.343).

- De D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para o mantemento da empresa conserveira La Onza de Oro e dos seus postos de traballo (núm. 1.348).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 1998

Celso Delgado Arce

Vicepresidente 1.º

Pregunta oral en Pleno, formulada por D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual de desenvolvemento na que se atopa o Plan Sogama (núm. 1.343).

Á Mesa do Parlamento

Miguel Cortizo Nieto, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta oral Pleno.

O Plan Sogama para a eliminación dos residuos sólidos urbanos de Galicia está dando moito que falar,

aínda que os datos exactos do problema non se acababan de coñecer nunca.

En relación coas incerteza do Plan Sogama, fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

¿Cal é a situación actual de desenvolvemento do denominado Plan Sogama?

Parlamento de Galicia, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Miguel Cortizo Nieto
Deputado

Pregunta oral en Pleno, formulada por D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para o mantemento da empresa conserveira La Onza de Oro e dos seus postos de traballo (núm. 1.348).

Á Mesa do Parlamento

Miguel Cortizo Nieto, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta oral en Pleno.

Con data 28 de marzo de 1996, o Grupo Parlamentario Socialista presentou, por iniciativa dos deputados Sres. Ventoso Mariño e Uxío Labarta e da deputada Sra. María Xosé Porteiro, unha proposición non de lei que sería debatida na sesión do 14 de maio de 1996, e que tiña o seguinte texto:

A empresa La Onza de Oro non é só unha empresa conserveira da Pobra do Caramiñal senón tamén a súa última conserveira galega e unha histórica no sector.

A suspensión de pagos presentada perante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ribeira é unha catástrofe.

A empresa La Onza de Oro durante anos non só foi unha empresa conserveira senón tamén un proxecto cultural. Ramón Padín foi paladín e principal impulsor de actividades culturais e empresariais na comarca; como non lembra-la súa decidida participación na saída da revista *Teima* —xermolo da oposición galeguista ó franquismo— ou o financiamento de tantas

e tantas actividades culturais dirixidas a espalla-los novos valores —daquela brutalmente cernados— do galeguismo democrático. A súa morte deixou un baleiro.

A crise da empresa é un factor negativo de cara a seguir mantendo o actual tecido pesqueiro-industrial da Barbanza. Non só está en xogo La Onza de Oro, cuestiónase tamén o futuro pesqueiro da Barbanza e da principal flota de baixura de Galicia e de España.

Tamén os traballadores van resentirse. E por iso ten que valorarse positivamente a decisión da UXT e dos partidos políticos con representación no Concello da Pobra de leva-la súa preocupación a un pleno extraordinario.

Diante de tanta preocupación o Parlamento de Galicia non pode seguir calado nin renunciar a ser partícipe na busca de solucións que permitan acceder a un acordo positivo dirixido a acadar-la implicación da Xunta para salva-lo emprego e garanti-la viabilidade da empresa.

É moita xente, é boa xente e sofre a desgracia de ter débedas excesivas a curto prazo. Pero, en calquera caso, merecen a consideración de ser tidos en conta.

Como consecuencia, aprobouse a seguinte resolución:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar no deseño dunha solución de futuro que garanta —a través da implicación do Igape e de Sodiga— a viabilidade da empresa La Onza de Oro.”

Non hai que volver repetir que a empresa é unha boa empresa, sen problemas que non permitan a súa viabilidade, con máis de 140 postos de traballo directores, con bo cadro de persoal, na súa maior parte mulleres, e boa rede comercial.

Pero si hai que cuestionarse que é o que fixo a Xunta de Galicia para o cumprimento da resolución aprobada, non polo cumprimento en si mesmo, senón para salva-la empresa e os 140 postos de traballo.

Polo exposto, o deputado asinante formula a seguinte pregunta:

¿Cales foron as medidas impulsadas e tomadas pola Xunta de Galicia para salva-la empresa conserveira La Onza de Oro e os postos de traballo afectados?

Parlamento de Galicia, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Miguel Cortizo Nieto

Deputado

4.3.2. PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN

Preguntas orais en Comisión formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 10 de febreiro de 1998, admitiu a trámite e cualificou como preguntas orais, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:

- De D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o procedemento de selección dos xerentes das fundacións para o desenvolvemento comarcal (núm. 1.325).

- De D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns das modificacións dos estatutos das fundacións para o desenvolvemento comarcal, as diverxencias xurdidas e as súas causas (núm. 1.326).

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios:

- De D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación na que se atopa o PAU de Navia para a construción de vivendas de promoción pública na cidade de Vigo e as previsións do Goberno galego respecto da súa execución (núm. 1.306).

- De D. Emilio López Pérez e D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o pagamento das axudas para vivendas de protección oficial de promoción privada (núm. 1.328).

- De D. Javier Losada de Azpiazu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos do Goberno galego respecto do perigo das incineradoras de residuos sólidos urbanos para o medio ambiente da zona onde se atopan (núm. 1.331).

- De D. Manuel Veiga Pombo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da aprobación das normas subsidiarias do Concello de Barbadás e as medidas previstas polo Goberno galego ó respecto (núm. 1.352).

Comisión 4.^a, Educación e Cultura:

- De D.^a María Olaia Fernández Davila e D.^a María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental do expediente relativo á solicitude de declaración de ben de interese cultural ó conxunto abacial de Barciademera, no concello de Covelo, e as previsións respecto da súa rehabilitación e conservación (núm. 1.322).

- De D.^a María Olaia Fernández Davila e D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as condicións esixidas para o acceso a unha praza no Centro de Alto Rendemento de Pontevedra e os criterios seguidos para a aprobación ou desestimación das solicitudes (núm. 1.323).

- De D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o futuro centro de ESO de Cotobade (núm. 1.329).

Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo:

- De D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación na que se atopa o proxecto de instalación dunha planta de regasificación en Ferrol (núm. 1.314).

- De D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto das explotacións mineiras a ceo aberto no medio ambiente, o cumprimento da normativa vixente, o control levado a cabo e as medidas ó respecto (núm. 1.344).

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes:

- De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a non renovación da orde que concede as axudas para a mellora das explotacións agrarias cofinanciadas pola Unión Europea e a Administración central ó abeiro do Decreto 204/1996 (núm. 1.316).

- De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a legalidade das comunicacións da supertaxa remitidas ós primeiros compradores de leite de vaca en Galicia (núm. 1.317).

- De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a desorde e os negocios ilícitos que presuntamente derivan da compravenda de cota do leite (núm. 1.318).

- De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a negativa reiterada da Xunta de Galicia a promover unha asociación interprofesional leiteira e a desfeita da Mesa do Leite (núm. 1.319).

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo:

- De D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto nas flotas da aplicación do decreto no que se establece o descanso semanal obrigatorio para os pescadores que faenan nas augas galegas ou con base nalgún porto de Galicia e as medidas adoptadas ou previstas para paliar os seus efectos (núm. 1.301).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 1998

Celso Delgado Arce
Vicepresidente 1.º

Pregunta con resposta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o procedemento de selección dos xerentes das fundacións para o desenvolvemento comarcal (núm. 1.325. Comisión 1.ª).

Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG),

ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, con resposta oral en Comisión, sobre o procedemento de selección dos xerentes das fundacións para o desenvolvemento comarcal.

Cando se debateu a Lei 10/96, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, o BNG xa advertiu que a exposición de motivos da lei era unha declaración de intencións que servía de cortina de fume para tapa-la ausencia de compromisos reais no funcionamento similar destes organismos ó da administración pública, en concreto no que se refería á contratación de persoal.

A recente convocatoria publicada o mércores 7 de xaneiro no DOG das bases de convocatoria de prazas de xerente das fundacións para o desenvolvemento comarcal confirma, desgraciadamente, as nosas sospeitas.

Efectivamente nesta convocatoria o único que se aclara é o carácter público dela, pero en ningún caso se explica o baremo e as puntuacións e quen comporá a comisión seleccionadora. Ademais preténdense perpetuar, nalgúns casos, mecanismos que permitan elevar a situacións definitivas casos provisionais seleccionados absolutamente a dedo e para persoas afíns ó PP. Se a isto lle engadimos que a decisión definitiva da persoa seleccionada dependerá dunha entrevista que nin sequera se sabe quen a vai realizar, estamos ante unha proba contundente de como se utilizarán as fundacións de desenvolvemento comarcal para colocalos afíns.

Se o que se pretendía buscar era un método similar de contratación de persoal ó que se utiliza na administración pública, todo podería estar aclarado, ser transparente, e as probas e baremos sistemas obxectivos de selección que buscasen a persoa máis capaz.

Se se recorre a unha entrevista o que se busca é a discrecionalidade na elección; se non se aclara a comisión seleccionadora estase abrindo a porta á ausencia de control e transparencia; se non se determina publicamente a puntuación dos méritos o que se propicia é a posibilidade de te-la persoa previamente decidida e acondicionarlle as puntuacións para ela. En definitiva, selección ó gusto e interese do partido que goberna as fundacións.

Así, queremos preguntar:

¿Por que no método de selección dos xerentes das fundacións de desenvolvemento comarcal a proba definitiva e que decidirá o candidato é unha entrevista?

¿Por que non se aclara a composición da comisión de selección?

¿Por que non se aclara a puntuación do baremo?

¿Por que se busca un procedemento que acaba por non ser nada obxectivo e que abre a porta á máis absoluta falta de obxectividade?

¿Por que se fai depende-la decisión fundamental da discrecionalidade da comisión de selección?

¿Por que non se utilizan métodos similares ós da administración pública?

¿Búscase favorece-la posibilidade de contratar persoas afíns ó partido que goberna o padroado das fundacións?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Alfredo Suárez Canal
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns das modificacións dos estatutos das fundacións para o desenvolvemento comarcal, as diverxencias xurdidas e as súas causas (núm. 1.326. Comisión 1ª).

Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta con resposta oral en Comisión.

Recentemente tiveron repercusións públicas diverxencias aparecidas en determinadas fundacións para o desenvolvemento comarcal na aprobación da modificación dos estatutos. A discusión da modificación destes estatutos por parte dalgúns alcaldes obedecía, segundo os datos que nós manexamos, ó cuestionamento do incremento do poder da presidencia do padroado, que recaería no secretario xeral de

Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia, con amplos poderes para actuar en nome da fundación e participar de xeito decisivo na selección do xerente e demais persoal da fundación a través do que actuaría executivamente.

É dicir, o poder do secretario xeral como presidente de tódalas fundacións para o desenvolvemento pasaría a ser un cargo máis executivo que de representación.

Así, queremos preguntar:

¿A que obedecen as modificacións dos estatutos das fundacións para o desenvolvemento comarcal que se produciron recentemente?

¿En cales houbo contestación inicial á proposta e por que?

¿Considera que o poder co que conta o secretario xeral para o Desenvolvemento Comarcal nas fundacións é o adecuado?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Alfredo Suárez Canal
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación na que se atopa o PAU de Navia para a construción de vivendas de promoción pública na cidade de Vigo e as previsións do Goberno galego respecto da súa execución (núm. 1.306. Comisión 2ª).

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

O Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo asinaron un convenio polo que se desenvolve o PAU de Navia para a construción de vivendas de promoción pública na cidade de Vigo. Este PAU viña palia-las deficiencias de vivenda na cidade. O IGVS non investiu en Vigo o que sería necesario, tanto pola demanda de vivendas insatisfeita coma po-

lo peso que a cidade ten a nivel de Galicia. O PAU de Navia é un proxecto que neste momento ten rematada a súa tramitación urbanística.

Por todo iso, preséntanse as seguintes preguntas:

¿Cal é a situación real do proxecto na actualidade?

¿Cal é a previsión da Xunta en canto ó inicio dos traballos de urbanizacións?

¿En que estado están as negociacións cos propietarios?

¿Cal vai se-la distribución das vivendas, entre social, protección oficial e prezo taxado?

¿Vai haber vivendas de promoción privada?

Parlamento de Galicia, 27 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Dolores Villarino Santiago

Deputada

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez e D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o pagamento das axudas para vivendas de protección oficial de promoción privada (núm. 1.328. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez e Xosé Henrique Rodríguez Peña, deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 2.ª, referida ó pagamento das axudas para vivendas de protección oficial de promoción privada.

Coincidindo coa campaña electoral das pasadas eleccións autonómicas, moitos cidadáns que estaban a tramitar unha axuda para comprar unha vivenda de protección oficial de promoción privada recibiron comunicación de que esta axuda estaba concedida, pero, cando solicitaron a correspondente documentación bancaria, esta foille denegada, porque, segundo información dos propios bancos, os fondos dos que dispoñía o Instituto Galego da Vivenda e Solo para este fin xa se remataran.

Alguns destes cidadáns recorreron ás delegacións de Vivenda, que lles confirmaron que, efectivamente, se remataran os fondos, e aconsellábanlles acudir ó crédito privado, tendo que renunciar así a unhas axudas públicas que previamente lles foran aprobadas de xeito oficial.

Non entendemos este tipo de falta de seriedade e de irregularidades por parte da administración.

A urxencia dunha campaña electoral non pode levar a cometer este tipo de irregularidades.

Sería normal que a estas alturas a administración tivese controlado cántos destes casos aconteceron e por qué.

Por todo iso, presentámo-la seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

¿Por que motivo no outono de 1997 se lles comunicaron axudas para a compra de vivendas de protección oficial de promoción privada a cidadáns e despois as entidades bancarias non aceptaron realiza-las hipotecas cos correspondentes créditos subvencionados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo?

¿Que interese poden ter nas delegacións provinciais en que se merquen vivendas no mercado libre e non no protexido?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez

Xosé Henrique Rodríguez Peña

Deputados do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Javier Losada de Azpiazu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos do Goberno galego respecto do perigo das incineradoras de residuos sólidos urbanos para o medio ambiente da zona onde se atopan (núm. 1.331. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Javier Losada de Azpiazu, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Nos últimos días apareceron informacións nos medios de comunicación referentes ó perigo que as incineradoras de residuos sólidos urbanos teñen para o medio ambiente da zona onde están radicadas. Estas informacións ós galegos fanlles dubidar de que o sistema escollido polo Goberno galego sexa o máis axeitado para mante-lo ecosistema e para o respecto medioambiental da zona.

Países que teñen experiencia demostrada no tratamento de residuos urbanos decretaron o peche de incineradoras polas emisións contaminantes.

Hai uns días nunha localidade próxima a París, Lille, o seu concello tivo que pecha-la incineradora de lixo, non por ter un mecanismo anómalo, senón porque, despois de anos de funcionamento, detectáronse niveis preocupantes de substancias contaminantes no solo e no leite das vacas que pastan nesas zonas.

Por iso, preséntanse as seguintes preguntas:

¿Ten información esa consellería de que co devir dos anos e coas toneladas incineradas se pode crear no medio ambiente da zona unha grave alteración, se se usa a incineración?

¿Considera a Consellería de Medio Ambiente que, no inicio do século XXI, o máis moderno, o que mellor respecta o medio ambiente, o máis san e o máis axeitado para preserva-lo contorno medioambiental é a incineración dos residuos urbanos, como ocorre co proxecto Sogama?

Parlamento de Galicia, 2 de febreiro de 1998

Asdo.: Javier Losada de Azpiazu
Deputado

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Manuel Veiga Pombo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da aprobación das normas subsidiarias do Concello de Barbadás e as medidas previstas polo Goberno galego ó respecto (núm. 1.352. Comisión 2.ª).

Á Mesa do Parlamento

Manuel Veiga Pombo, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó

abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O actual Plan xeral de ordenación urbana de Ourense foi invadido nos seus lindes co concello de Barbadás polas normas subsidiarias dese concello, de xeito tal que un área importante da superficie de Ourense foi incluída no territorio daquel concello.

Unha vez aprobado o PXOU de Ourense en 1987, fórmulanse as seguintes preguntas:

¿Que explicación pode da-la Xunta de que o conselleiro Sr. Cuíña aprobouse as normas subsidiarias de Barbadás?

¿Pensa a Xunta investigar esta grave decisión administrativa e depurar responsabilidades?

Parlamento de Galicia, 2 de febreiro de 1998

Asdo.: Manuel Veiga Pombo
Deputado

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª María Olaia Fernández Davila e D.ª María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental do expediente relativo á solicitude de declaración de ben de interese cultural ó conxunto abacial de Barciademera, no concello de Covelo, e as previsións respecto da súa rehabilitación e conservación (núm. 1.322. Comisión 4ª).

Á Mesa do Parlamento

María Olaia Fernández Davila e María Pilar García Negro, deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Con data do 10 de xullo de 1998, a Delegación de Cultura e Xuventude de Pontevedra trasládalle á Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental o expediente de incoación de declaración de bens de interese cultural a favor do conxunto abacial de Barciademera, parroquia do concello de Covelo, provincia de Pontevedra. Rogábase, no escri-

to enviado pola Delegación de Cultura á Dirección Xeral do Patrimonio, que se lle dese a maior urxencia á tramitación por tratarse dun dos máis importantes conxuntos barrocos da provincia, que se atopaba daquela, e séguese a atopar, nunhas precarias condicións de inestabilidade.

No seu momento, a Comisión Diocesana do Patrimonio Cultural do Bispado de Tui-Vigo aportou ampla documentación histórico-técnica deste complexo monumental, a pesar do cal, así como do tempo transcorrido, aínda non se coñece a decisión da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico. Ben é certo que a Xunta de Galicia acometeu unhas obras de limpeza da pedra da igrexa, que por certo non rematou, e quedan ser limpar algunhas partes da bóveda do interior do templo, pero, sobre todo, non se fixo ningún traballo de rehabilitación, nin respecto das pinturas existentes nin dos fermosos retablos que alí existen, os cales están a punto de caer, atacados pola couza.

Respecto da rectoral ou do chamado pazo abacial non se fixo absolutamente nada. Este edificio que data do século XVIII (1752), igual có resto do conxunto, é de estilo do típico barroco galego e dunha grande beleza, destacando a súa fachada principal.

Tanto o que representa o conxunto monumental en si mesmo coma o seu contorno paisaxístico é o que nos fai considerar lamentable que a Xunta de Galicia aínda non tivese unha actuación de rehabilitación acaída (ademais da limpeza da pedra da igrexa), así como o recoñecemento de tal conxunto como declaración de ben cultural, tendo en conta a importancia del para o patrimonio artístico-cultural de Galicia e o seu interese turístico, pois xa na actualidade son moitos/as os/as visitantes que se achegan a Barciademera para admirar este conxunto arquitectónico.

Polo exposto, facémo-las seguintes preguntas:

¿Cal foi a resolución que lle deu a Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental ó expediente n.º 1.332, do 10 de xullo de 1990, relativo ó conxunto monumental de San Martín de Barciademera, en Covelo?

¿Prevé a Xunta de Galicia a consideración de ben de interese cultural do conxunto abacial de Barciademera?

¿Prevé a Xunta de Galicia algunha actuación de rehabilitación do devandito conxunto arquitectónico?

¿Cales son as razóns da Xunta de Galicia para non actuar ata o momento na conservación dun conxunto monumental tan importante para o noso patrimonio artístico-cultural nacional?

¿Prevé a Xunta de Galicia algunha actuación ó respecto e, se é así, cando darían comezo as obras e que previsións de gasto terían?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: María Olaia Fernández Davila

María Pilar García Negro

Deputadas do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª María Olaia Fernández Davila e D.ª María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as condicións esixidas para o acceso a unha praza no Centro de Alto Rendemento de Pontevedra e os criterios seguidos para a aprobación ou desestimación das solicitudes (núm. 1.323. Comisión 4ª).

Á Mesa do Parlamento

María Olaia Fernández Davila e María Salomé Álvarez Blanco, deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O Centro de Alto Rendemento que está a funcionar na cidade de Pontevedra ten como obxectivo fundamental o de acoller nel aqueles mozos e mozas estudantes que ó mesmo tempo teñen aptitudes para o deporte.

Polo que sabemos, non están moi definidas as condicións que se esixen para o acceso a unha praza, é dicir, nivel de aptitude e compromiso co deporte ou outras características de tipo económicas ou académicas, sendo así que se ten dado o caso de que algúns solicitantes, con probadas aptitudes deportivas, sofren a continua negación de ingreso no devandito centro.

Por todo isto fanse as seguintes preguntas:

¿Cales son as condicións que se lle esixen a un solicitante para acceder a unha praza no Centro de Alto Rendemento de Pontevedra?

¿Teñen prioridade, á hora de avaliar ós solicitantes, as aptitudes, mesmo o historial competitivo en materia deportiva daqueles e aquelas que o presentan?

Se é así, ¿cales son os criterios que nese sentido se utilizan para a aprobación ou desestimación dos solicitantes?

Se non son criterios de aptitudes deportivas, ¿cales son as prioridades ou bases de avaliación?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Olaia Fernández Davila

María Salomé Álvarez Blanco

Deputadas do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o futuro centro de ESO de Cotobade (núm. 1.329. Comisión 4.^ª).

Á Mesa do Parlamento

María Salomé Álvarez Blanco, deputada do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta resposta oral en Comisión, sobre o futuro centro de ESO de Cotobade.

No proxecto de rede de centros de ensino público de Galicia inclúese un centro de ESO en Cotobade (Pontevedra).

Nestes momentos o concello dispón de 5 parcelas (en Tenorio, Carballedo, Rebordelo e Viascón) que puxo á disposición da Consellería de Educación para a construción do mencionado centro.

Urxe a súa construción porque a comezos do curso 98-99 vaise implantar con carácter xeneralizado o 3.^a curso da ESO, sen que nestes momentos se saiba ónde van ser escolarizados eses alumnos e alumnas.

As previsións anteriores da consellería eran as de que se desprazasen a Pontevedra, cos prexuízos que

isto lles causaría ó alumnado e ás súas familias, pero de momento a consellería non se pronunciou.

Esta falta de claridade fai que moitas familias estean pensando en abandona-lo concello cara a outras zonas urbanas onde se lles garanta plenamente o seu dereito á educación, contribuíndo aínda máis á despo-boación da zona, coas consecuencias que isto tería para o desenvolvemento e futuro dela.

Por todo iso, presentámo-la seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

¿Onde ten prevista a Consellería de Educación, con que criterios e en que prazo a construción do centro da ESO de Cotobade?

¿Cales son as previsións da consellería para a escolarización do alumnado de 3.^o da ESO no curso 98-99?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: María Salomé Álvarez Blanco

Deputada do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación na que se atopa o proxecto de instalación dunha planta de regasificación en Ferrol (núm. 1.314. Comisión 6.^ª).

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Nos medios de comunicación galegos apareceu a noticia de que a Consellería de Economía está negociando con empresas privadas a instalación dunha planta de regasificación no norte da comunidade autónoma.

Por iso, pregúntase:

¿O Goberno galego xa abandonou a reivindicación da planta de regasificación de Ferrol?

No suposto de que non exista en Galicia a dita planta, ¿calculáronse os efectos económicos?

¿Estase efectivamente negociando a construción dunha planta con empresas privadas?

¿Cales son as diferencias en custos finais entre a construción da planta por parte do Ministerio de Industria ou por empresas privadas?

Parlamento de Galicia, 27 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Dolores Villarino Santiago
Deputada

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto das explotacións mineiras a ceo aberto no medio ambiente, o cumprimento da normativa vixente, o control levado a cabo e as medidas ó respecto (núm. 1.344. Comisión 6.º).

Á Mesa do Parlamento

Miguel Cortizo Nieto, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta oral en Comisión.

As explotacións mineiras a ceo aberto supoñen, como é fácil comprender polas súas características, unha forte agresión ó medio ambiente con diferentes consecuencias nel.

Algunhas das consecuencias están contempladas na lexislación con medidas que obrigan á súa corrección.

En relación con esta cuestión fórmulase a seguinte pregunta:

¿Considera a Xunta de Galicia que as explotacións mineiras a ceo aberto constitúen un problema ambiental grave en Galicia?

¿Considera a Xunta de Galicia que se cumpren as previsións legais respecto da protección do medio ambiente no caso destas explotacións?

¿Exerce a Xunta de Galicia algún control respecto deste problema?

¿Tomou algunha medida en relación con el?

¿Pensa tomar algunha iniciativa en relación coa restauración dos espazos degradados?

Parlamento de Galicia, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Miguel Cortizo Nieto
Deputado

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a non renovación da orde que concede as axudas para a mellora das explotacións agrarias cofinanciadas pola Unión Europea e a Administración central ó abeiro do Decreto 204/1996 (núm. 1.316. Comisión 7.º).

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa contestación oral na Comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, referida á non renovación da orde que concede as axudas para a mellora das explotacións agrarias cofinanciadas pola UE e a Administración central ó abeiro do Decreto 204/1996.

No ano 1996 o Bloque Nacionalista Galego intere-souse no Parlamento de Galicia polos grandes atrasos que este tipo de axudas estaban a ter, sendo como eran as máis interesantes para o desenvolvemento das explotacións agrarias.

En 1997 xa denunciabámo-la desaparición destas axudas ó non aparece-la correspondente orde para poder acollerse a elas.

Foron moitos os labregos e labregas que se dirixi-ron unha e outra vez ás oficinas de extensión agraria ou ás delegacións provinciais para comprobar se saíra a dita orde. Tal orde non se publicou.

Non sería desacertado entender que a non publica-ción desta orde ten unha clara intencionalidade política, e tres feitos aválano:

a) As manifestacións públicas do propio presidente da Xunta na sesión de investidura referidas á súa in-

tención de reducir drasticamente a poboación activa no agro galego.

b) A concesión de grandes cantidades de diñeiro da UE e da Administración do Estado a través dun convenio entre o Ministerio de Agricultura e a consellería galega do ramo no outono de 1997 para outro tipo de actuacións moito menos demandadas polos labregos e labregas de Galicia.

c) O desinterese do Goberno da Xunta por captar fondos da UE para a agricultura atrasando tramitacións dalgún tipo de axudas e provocando que fondos da UE destinados a estes fins fosen devoltos.

Aínda máis, outras comunidades mantiveron este programa e están a beneficiarse grandemente destas axudas, e xustamente a galega, que conta cun “Goberno amigo”, guinda a casa pola fiestra, porque loxicamente ó Goberno galego sóbranlle os labregos e, polo tanto, os fondos destinados a mante-las explotacións agrarias.

Mentres, fondos públicos están sendo aproveitados por especuladores que cobran apreciables comisións por faceren de intermediarios na compravenda de cotas do leite.

O Bloque Nacionalista Galego pretende ter unhas respostas algo axeitadas a este lamentable feito da desaparición das axudas para as melloras estruturais das explotacións agrarias que estaban sendo reguladas polo Decreto 204/1996.

Por todo o exposto, presentámo-la seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

¿Por que non saíu a correspondente orde no ano 1997 para que moitas explotacións se seguisen acoillendo a ela?

¿Que perda de diñeiro puido supoñer para a agricultura galega?

¿Canto perdemos de recibir da UE e da Administración central por non saí-la orde?

¿A cantas explotacións lles podería afectar?

¿Cantas explotacións agrarias galegas desapareceron no ano 1997? ¿Cales foron as razóns principais? ¿Cantas se prevé que desaparezan en 1998?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a legalidade das comunicacións da supertaxa remitidas ós primeiros compradores de leite de vaca en Galicia (núm. 1.317. Comisión 7.ª).

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa contestación oral na Comisión de Agricultura, referida á legalidade das comunicacións da supertaxa ós primeiros compradores de leite de vaca en Galicia.

Que a imposición da supertaxa é unha medida arbitraria e inxusta neste país próbaos a forma e contido das recentes comunicacións da supertaxa que se lles enviaron ós primeiros compradores de leite en Galicia.

As comunicacións que se remitiron son desde calquera punto de vista ilegais, xa que non se axustan en nada á propia lexislación vixente.

O medo a un estoupido social foi o que levou o Goberno a quitar da manga este experimento con gaseosa consistente en intenta-lo cobro dun anaco de cota calculado arbitrariamente con base en criterios políticos e nunca xurídicos.

Non hai ningún dato que permitan contrastar que as compensacións e a cota que realizan as empresas e a administración obedezan a criterios de proporcionalidade, nin que as cantidades compensadas deriven de contabilidades rigorosas.

Cando politicamente lle interesa á administración, aparecen cantidades sacadas da manga e aparecen repartos de cota ou avais para impedi-lo pago da supertaxa; cando non, preséntanse fortes presións tanto no

sector produtor coma no industrial, e ameazas e chantaxes por parte da administración e particularmente da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, presentámo-la seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

¿Cales son as razóns políticas ou xurídicas que levaron o Goberno da Xunta a un cambio tan virulento de posición antes e despois das eleccións autonómicas do outono de 1997?

¿Que interpretación se fai do Decreto 324/1994 á hora de repartir-la sanción entre os primeiros compradores? ¿E á hora de repartila entre os produtores?

De acordo coa Lei xeral tributaria, ¿quen é o suxeito pasivo, e quen o executor da sanción? ¿De que tipo de sanción se trata?

¿A que tipo de gravame nos referimos cando aplicámo-la supertaxa?

¿É correcto o procedemento da administración de desconta-la supertaxa do importe que hai que pagar por unha materia prima e que se ingresen esas cantidades no FEGA? ¿Que acontece se o produtor require xudicialmente os primeiros compradores para que aboén integramente a totalidade das cantidades de leite entregado?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a desorde e os negocios ilícitos que presuntamente derivan da compravenda de cota do leite (núm. 1.318. Comisión 7.º).

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, referida á desorde e ós negocios ilícitos que derivan da compravenda de cota do leite.

O Bloque Nacionalista Galego, cumprindo coa súa responsabilidade, intentou na pasada lexislatura que se levase un control das cantidades de referencia de produción de leite que a administración lles concedeu ás explotacións e tamén das transferencias destas cantidades ou cotas entre particulares.

O Goberno galego, conculcando reiteradamente os máis elementais principios democráticos e a soberanía do Parlamento e os dereitos dos parlamentarios, negounos información a este respecto.

Hoxe en día están a ollarse as consecuencias deste descontrol que os máximos representantes do cooperativismo galego definen do seguinte xeito: “Nas cooperativas leiteiras esténdese a opinión de que o sector leiteiro galego está funcionando na ‘lei da selva’. Poden pagar supertaxa os que acatan e cumpren a normativa con transparencia, namentres que os que menten e enganan van no camiño de salvarse. O sistema cooperativo non permite certas prácticas habituais da economía somerxida, e non podemos permitir que o mercado se converta nun constante ‘trapicheo’”.

Estas declaracións abundan para confirmar que a Xunta non ten do seu lado o sector leiteiro, no que se refire á aplicación do sistema de cotas.

Pero, aínda máis, son cada vez máis as voces que se erguen para reclamar que os dereitos á produción non sexan obxecto de operacións especulativas e que sexa a propia administración a que regule e reparta, de xeito gratuito, as cantidades de cota de que dispoña.

Nada impide legalmente que isto se poida facer así e, se non se fai, temos que pensar que algún interese ten a Xunta no negocio da compravenda de cotas do leite.

A todo este “trapicheo”, no que se teñen dado casos de habilidosos que venderon varias veces unha mesma cota, teríamos que engadirlle as cantidades de leite cumprido, mouro ou de coloríns, que lles permite ás empresas xogar a discreción cos subministradores, privando ou castigando ó seu antollo.

O Bloque Nacionalista Galego levou na pasada lexislatura varias propostas ó Parlamento galego para que a distribución das cotas fora transparente e gratuí-

ta e así evita-las discriminacións e a descapitalización e os gastos excesivos de explotacións que precisarían aumenta-la súa cota de produción.

Segundo noticias —a Xunta teraas máis exactas—, algunha asociación intermediaria dedicada ó “trapiqueo” das cotas ten agora débedas millonarias con Facenda. Algúns intermediarios están a cobrar comisións polas transferencias de cota, de tal xeito que chega a subi-lo prezo do quilogramo por enriba das 75 pesetas.

O Bloque Nacionalista Galego vaise limitar a transmitir-lles ós responsables do Goberno da Xunta preguntas que a diario nos dirixen os propios votantes do Partido Popular.

Por todo o exposto, presentámo-la seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

¿Por que a Xunta de Galicia non recolle as cantidades de cota sobrantes e as reparte entre explotacións que están camiño da viabilidade de xeito gratuíto?

¿Por que non existe un listado público das cantidades de referencia e das cantidades que se liberan nas explotacións que desaparecen?

¿Por que unha explotación ten que facer un gasto extra mercando cota?

¿Por que non se informa ó Parlamento con transparencia das transferencias de cota?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a negativa reiterada da Xunta de Galicia a promover unha asociación interprofesional leiteira e a desfeita da Mesa do Leite (núm. 1.319. Comisión 7.ª).

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presen-

ta a seguinte Pregunta, para a súa contestación oral na Comisión de Agricultura, referida á negativa reiterada da Xunta de Galicia a promover unha asociación interprofesional leiteira e á desfeita da Mesa do Leite.

“A transparencia ten que presidi-las relacións económicas sectoriais, e os que actúen con ferramentas que a impidan deben estar controlados por tódolos axentes do sector nun marco de relacións profesionais. Para lograr máis transparencia, posiblemente se teña que actuar sobre a concesión das licencias ás sociedades mercantís para constituírse en ‘primeiros compradores’. Finalmente, é posible que non atopemos mellor momento para poñer en marcha a interprofesión no sector, para actuar conxuntamente nos altos niveis de escurantismo existente actualmente nel.”

Estas opinións, derivadas das máis altas instancias do cooperativismo galego, sumadas á petición que directamente lle fixo un portavoz das industrias ó presidente da Xunta para que se crease a interprofesional leiteira, deixan ó descuberto que a Xunta de Galicia está a boicotear un proceso maduro no sector lácteo galego que permitiría crea-la interprofesional do sector leiteiro.

Resulta ridícula, insultante, provocadora e tartufa a posición política defendida oficialmente, pola que se propón a creación dunha interprofesional a nivel de Estado para xustifica-la destrución da Mesa do Leite a mans do novo conselleiro, levada a cabo pola Xunta de Galicia.

Cando, democraticamente, os distintos sectores implicados no sector lácteo galego manteñen durante anos un organismo no que debaten e toman acordos que serven para defende-lo sector e evitar conflitos, e logo o propio Goberno o desfai, debe entenderse que esa acción política significa unha traizón descarada ó sector.

Os argumentos do presidente da Xunta, do conselleiro de Agricultura e do delegado do Goberno en Galicia nos que xustifican a represión da tractorada do día 20 de xaneiro baseándose en que a maioría dos representantes do sector non estaban de acordo como había un ano coas reivindicacións do sector son puras falacias. O sector no seu conxunto ten máis clara que hai un ano a necesidade da interprofesional e outras

reivindicacións. O único que cambiou foi a posición do Goberno da Xunta, que antes dun proceso electoral foi máis tolerante coas reivindicacións do sector, e unha vez conseguido o Goberno por varios anos decidiu vende-lo sector non sabemos por qué prato de lentellas.

As partes que non apoiaron a tractorada foi debido ás presións e coaccións de distinto tipo que exerceu a Xunta.

Por iso, formulámo-las seguintes preguntas:

¿Está disposta a Xunta de Galicia e a Consellería de Agricultura a convocar de novo a Mesa do Leite para dialogar sobre a situación do sector lácteo en Galicia?

¿Que interese especial ten a Xunta e a consellería en boicotea-la Mesa do Leite e a interprofesional?

¿Por que o Sr. presidente da Xunta, o Sr. delegado do Goberno en Galicia e o Sr. conselleiro de Agricultura consideran un logro político dividi-la Mesa do Leite?

Que sexan menos as organizacións convocantes da tractorada, ¿xustifica que a represión sexa máis grande que hai un ano?

¿Son capaces de demostra-los responsables do Goberno galego que en xaneiro de 1998 teñen menos razóns para manifestarse e protesta-los labregos que en xaneiro de 1997? ¿Non están acaso nunha situación máis angustiosa?

¿Acaso as cooperativas ou industrias que deixaron de apoiar-la tractorada por presións perderon a razón que tiñan antes?

¿Acaso os dereitos que defendían Alexandre Bóveda ou Xulián Grimau desaparecen porque a represión os fixo desaparecer fisicamente?

¿Acaso os labregos que foron obrigados en moitos puntos de Galicia a regresar cos seus tractores para a casa polas ameazas das forzas da orde deixan por iso de seguir reivindicando a defensa do seu dereito a producir?

¿Está seguro o Sr. presidente da Xunta de que a violencia institucional xera sempre submisión dos cidadáns?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 1998

Asdo.: Emilio López Pérez

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto nas flotas da aplicación do decreto no que se establece o descanso semanal obrigatorio para os pescadores que faenan nas augas galegas ou con base nalgún porto de Galicia e as medidas adoptadas ou previstas para paliar-los seus efectos (núm. 1.301. Comisión 8.ª).

Á Mesa do Parlamento

Ismael Rego González, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta oral en Comisión.

A problemática da pesca de baixura vén aflorando dende hai tempo en distintos niveis e en distintas zonas de Galicia, nas que os pescadores están a demandar solucións non só para os problemas propios do sector, senón para as consecuencias negativas derivadas de decisións da propia administración.

Todo o que está a acontecer con este sector débese en boa medida a non contar cunha política pesqueira achegada ós problemas de Galicia e ás súas peculiaridades, e á toma de decisións por parte dos distintos gobernos da Comunidade Autónoma por non ter avaliadas con anterioridade as súas consecuencias para a supervivencia do sector, e moito menos consensuadas con el.

Unha destas medidas foi sen dúbida o decreto que establecía o descanso semanal obrigatorio para os pescadores que faenan nas augas do ámbito territorial de Galicia ou que teñan como base algún porto da Comunidade Autónoma, que ten creado gravísimos problemas para a economía de distintas flotas e mesmo posto en risco a súa supervivencia e creado importantes agravios comparativos coas flotas doutras comunidades, por ser esta unha decisión tomada pri-

meiro sen estudio previo ningún cara ás súas consecuencias para o sector e de xeito unilateral sen ter en conta o posicionamento ó respecto doutras administracións.

As flotas da zona norte das provincias de Lugo e A Coruña foron unhas das máis afectadas por esta problemática, que segue latente como acaban de demostrarlos pescadores de Ribadeo e os seus representantes ó entraren en conflitos cos de Asturias, que non poden entenderse como conflictividade entre pescadores, senón que estes se producen entre administracións pola descoordinación das súas actuacións:

Polo exposto, o deputado asinante pregunta:

¿Que avaliación realizou o Goberno galego sobre o impacto que produciu nas distintas flotas o decreto aprobado do descanso semanal?

¿Que medidas tomou ou pensa tomar para paliar os efectos do decreto citado nas distintas flotas afectadas por el?

¿Prevé o Goberno galego ampliarlo seu ámbito competencial ás augas da Comunidade do Principado de Asturias, como das declaracións do actual delegado da Consellería de Pesca en Lugo parecen desprenderse?

¿É consciente o Sr. conselleiro da situación que creou en moitas zonas de Galicia, onde os temporais non permiten a saída ó mar das embarcacións en días de semana, e que non son recuperables, e a incidencia negativa que isto ten para a economía de moitas familias?

Parlamento de Galicia, 2 de febreiro de 1998

Asdo.: Ismael Rego González

Deputado

4.3.3. PREGUNTAS POR ESCRITO

Preguntas por escrito formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 10 de febreiro de 1998, admitiu a trá-

mite e cualificou como preguntas con resposta escrita os documentos que a seguir se relacionan:

- De D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ó investimento dos fondos das transferencias de capital levadas a cabo no ano 1997 pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo con destino ó Plan de renovación comercial (núm. 1.305).

- De D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o destino dos fondos da partida orzamentaria correspondente ó ano 1997 para fomento de actividades industriais (núm. 1.307).

- De D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á concesión de subvencións en materia de medio ambiente industrial no ano 1997 (núm. 1.308).

- De D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ó destino dos fondos da consignación orzamentaria correspondente ó ano 1997 da Secretaría Xeral para o Turismo para valoración de recursos materiais en rutas de interese temático (núm. 1.309).

- De D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ó investimento dos fondos das transferencias correntes e de capital á Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia no ano 1997 (núm. 1.310).

- De D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ós investimentos realizados polo Goberno galego no tratamento das augas (núm. 1.311).

- De D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ós investimentos realizados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (núm. 1.312).

- De D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ás transferencias de capital do orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo (núm. 1.313).

- De D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a constitución dos consellos comarcais (núm. 1.324).

- De D. Xosé Manuel Pazos Varela, do G.P. Mixto, sobre as razóns da ampliación a catro carrís da estrada C-550 no istmo do Vao-O Grove (núm. 1.336).

- De D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o incremento de prazas nas residencias da terceira idade da cidade da Coruña (núm. 1.339).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 1998

Celso Delgado Arce
Vicepresidente 1.º

Pregunta por escrito, formulada por D.ª María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ó investimento dos fondos das transferencias de capital levadas a cabo no ano 1997 pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo con destino ó Plan de renovación comercial (núm. 1.305).

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nos orzamentos de 1997 na Dirección Xeral de Comercio e Consumo figura nas transferencias de capital a cantidade de 807,9 millóns de pesetas para o Plan de renovación comercial.

Por todo iso, preséntase a seguinte pregunta:

¿Que contías se executan por conceptos e consellos?

Parlamento de Galicia, 27 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Dolores Villarino Santiago
Deputada

Pregunta por escrito, formulada por D.ª María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o destino dos fondos da partida orzamentaria correspondente ó ano 1997 para fomento de actividades industriais (núm. 1.307).

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nos orzamentos para 1997 figuran 521 millóns de pesetas para o fomento de actividades industriais. Por iso, preséntase a seguinte pregunta:

¿Cal foi o destino dos ditos recursos, por conceptos?

Parlamento de Galicia, 27 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Dolores Villarino Santiago
Deputada

Pregunta por escrito, formulada por D.ª María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á concesión de subvencións en materia de medio ambiente industrial no ano 1997 (núm. 1.308).

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

¿Cales foron os importes e as industrias beneficiarias das subvencións percibidas en materia de medio ambiente industrial no ano 1997?

Parlamento de Galicia, 27 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Dolores Villarino Santiago
Deputada

Pregunta por escrito, formulada por D.ª María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ó destino dos fondos da consignación orzamentaria corresponden-

te ó ano 1997 da Secretaría Xeral para o Turismo para valoración de recursos materiais en rutas de interese temático (núm. 1.309).

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nos orzamentos xerais de 1997 da Secretaría Xeral para o Turismo figuran consignados no capítulo VI, de investimentos, 292,1 millóns de pesetas, en concepto de valoración de recursos materiais en rutas de interese temático: este concepto representa case o 50% dos investimentos da citada secretaría xeral.

Por todo iso, preséntanse as seguintes preguntas:

¿A que programas ou accións foron destinados estes recursos?

¿Cales foron, por materias, as empresas adxudicatarias?

Parlamento de Galicia, 27 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Dolores Villarino Santiago

Deputada

Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ó investimento dos fondos das transferencias correntes e de capital á Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia no ano 1997 (núm. 1.310).

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No ano 1997 figuraba nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma unha dotación de 227,2 millóns de pesetas en transferencias correntes e 649,3 millóns de pesetas en transferencias de capital á Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia.

Por iso, preséntanse as seguintes preguntas:

¿Cales foron os investimentos realizados por conceptos?

¿Cales foron as empresas adxudicatarias dos ditos investimentos?

¿Cal é o cadro de persoal da mencionada sociedade, por categorías, especificando as retribucións?

¿Cales foron os contratos por prestación de servizos e as empresas adxudicatarias?

Parlamento de Galicia, 27 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Dolores Villarino Santiago

Deputada

Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ós investimentos realizados polo Goberno galego no tratamento das augas (núm. 1.311).

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Dos elementos fundamentais, dende o punto de vista de calidade de vida dos cidadáns e da preservación do medio ambiente, é o correcto tratamento das augas. O necesario abastecemento potable a toda a poboación e o tratamento e canalización das augas residuais son aspectos importantes da política de augas de calquera Goberno.

Por iso, pregúntase:

¿Cales foron as contías, por conceptos, investidas en cada concello de Galicia?

Parlamento de Galicia, 27 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Dolores Villarino Santiago

Deputada

Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ós investimentos realizados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (núm. 1.312).

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A vivenda é un dos problemas importantes que teñen formulados as áreas urbanas en Galicia. É, ademais, un dos elementos fundamentais de integración social.

Por iso, preguntamos:

Dos investimentos realizados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, ¿cales son as contías investidas por conceptos e concellos?

Parlamento de Galicia, 27 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Dolores Villarino Santiago
Deputada

Pregunta por escrito, formulada por D.^a María Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ás transferencias de capital do orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo (núm. 1.313).

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A vivenda é un dos problemas importantes que teñen formulados as áreas urbanas en Galicia. É, ademais, un dos elementos fundamentais de integración social.

Por iso, preguntamos:

¿Cales son as contías, por conceptos e concellos, das transferencias de capital do orzamento do IGV?

Parlamento de Galicia, 27 de xaneiro de 1998

Asdo.: María Dolores Villarino Santiago
Deputada

Pregunta por escrito, formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a constitución dos consellos comarcais (núm. 1.324).

Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, con resposta escrita, sobre a constitución dos consellos comarcais.

A Lei de desenvolvemento comarcal prevé entre os órganos de xestión para o Plan de desenvolvemento comarcal o consello comarcal e entre os de xestión e promoción as fundacións para o desenvolvemento comarcal.

Transcorrido xa un prazo relevante desde a aprobación da lei é importante saber en cuántas comarcas están constituídos os consellos comarcais e en cáles se produciu a aprobación inicial do Plan de desenvolvemento comarcal da súa comarca. Ó mesmo tempo sería importante saber en cuántas desas comarcas funcionan as fundacións e cáles son as diferencias fundamentais entre os membros dos padroados das fundacións e os consellos comarcais.

Trátase de saber en realidade ó que a Xunta lle está prestando atención, se ó desenvolvemento das fundacións ou ós consellos comarcais, ou ós dous, e sobre todo cál é a actividade destes últimos, tendo en conta que son un órgano de planificación e coordinación e as fundacións son de xestión e promoción.

Así, queremos preguntar:

¿Cantas fundacións para o desenvolvemento comarcal están constituídas e con que data se constituíron? Rogámo-la lista de comarcas.

¿Cantos consellos comarcais están constituídos e con que data? Rogámo-la lista de comarcas.

¿Cales son as principais diferencias entre os padroados das fundacións e os consellos comarcais? Especificar en cada caso.

¿Cantos plans de desenvolvemento comarcal foron aprobados inicialmente polos consellos comarcais?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D. Xosé Manuel Pazos Varela, do G.P. Mixto, sobre as razóns da ampliación a catro carrís da estrada C-550 no istmo do Vao-O Grove (núm. 1.336).

Á Mesa do Parlamento

O deputado de Esquerda Unida-Esquerda Galega Xosé Manuel Pazos Varela, integrado no Grupo Parlamentario Mixto, formula, ó amparo do establecido no Regulamento da Cámara, a seguinte pregunta, dirixida ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para a cal solicita resposta escrita.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda ten proxectada a ampliación a catro carrís da estrada C- 550 no istmo do Vao-O Grove, segundo o propio conselleiro declarou na prensa.

Hai que ter en conta que a dita estrada no istmo do Vao ten unha lonxitude de a penas 1.000 metros e que está nunha zona protexida polo convenio Ramsar, polo cal para realiza-la dita ampliación haberá que eliminar un número importante de metros cadrados de dunas.

Por todo iso é polo que o deputado de EU-EG, integrado no Grupo Mixto, Xosé Manuel Pazos Varela lle formula ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- ¿Cales son as razóns técnicas e/ou políticas para a ampliación a catro carrís da estrada C-550 no istmo do Vao-O Grove?

2.- ¿Non serían suficientes tres carrís, dous de saída e un de entrada?

3. ¿Por que non se conta coa opinión do Concello do Grove?

Parlamento de Galicia, 4 de febreiro de 1998

Asdo.: Xosé Manuel Pazos Varela

Deputado G.P. Mixto

Pregunta por escrito, formulada por D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o incremento de prazas nas residencias da terceira idade da cidade da Coruña (núm. 1.339).

Á Mesa do Parlamento

Xosé Henrique Tello León, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para súa resposta por escrito, relativa ó incremento de prazas nas residencias da terceira idade da cidade da Coruña.

Durante os últimos anos incrementouse notablemente a demanda de prazas nas residencias da terceira idade. Concretamente, na cidade da Coruña, a Residencia Torrente Ballester está completamente saturada e ten unha lista de espera enorme e imposible de atender por falta de prazas.

Ocorre que neste centro se fixo un estudio para a súa posible ampliación e existía un compromiso por parte da Xunta de Galicia de investir 300 millóns de pesetas para amplia-lo número de prazas, que ocuparían, unha vez acondicionados, uns espazos existentes.

Sen embargo, e a pesar de rematado o estudio, non se levou a efecto a ampliación prevista, nin se ten coñecemento de que se vaian abordar novas construcións destas características na cidade da Coruña.

A atención ás persoas da chamada “terceira idade” é tal vez un dos compromisos éticos e políticos máis importantes que ten un Goberno por razóns de pura coherencia, nas que nin sequera é necesario afondar. Desatender este compromiso é un acto politicamente imperdoable.

É por estes motivos que se formulan as seguintes preguntas:

1.- ¿Ten constancia a Xunta de Galicia da enorme lista de espera que existe para obter unha praza na Residencia Torrente Ballester da Coruña?

2.- ¿Que conclusións se tiraron do estudio realizado para ampliar esta residencia?

3.- ¿Prevé a Xunta de Galicia realizar unha ampliación no devandito centro?

4.- ¿Prevé a Xunta de Galicia construír algún novo centro destas características na Coruña ou na súa área de influencia?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 1998

Asdo.: Xosé Henrique Tello León

Deputado do G.P. do BNG

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.1.1 LEIS
 - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
 - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
 - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
 - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
 - 3.1.2 OBXECCIÓNS
 - 3.1.3 DICTAME DA COMISIÓN
 - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
 - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.5.1 MOCIÓNS
 - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
 - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
 - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
 - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DA CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
 - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
 - 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN

- 4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO
 - 4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 - 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE Ó GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS Ó VALEDOR DO POBO
 - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS Ó CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSIÇÕES DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
 - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
 - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
 - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
 - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
 - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
 - 7.3.3 CONVOCATORIAS
 - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
 - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
 - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
 - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
 - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
 - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
 - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
 - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
 - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
 - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
 - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
 - 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. (981) 56 16 00.

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727
